



# ChumA

**VERTIXE SONORA**

**Domingo 24 de abril de 2022 | 19:00 h.**

**Museo Interactivo da Historia de Lugo**

«*Mentres Swallow e Borracho Digital escenifican a fragilidade do home contemporáneo, fascinado e diezmado pola tecnoloxía, ChumA ofrece unha saída a este impase: un ritual no que a música redescubre a súa esencia, ser o vehículo de comunicación entre espírito e divinidad. Unha peza na que o público estará dentro dun dispositivo circular, nunha semiescuridade que favorece unha escoita meditativa*».

Daniel Zea

## PROGRAMA

**Daniel Zea**

**Swallow (2019)**

4 performers, 4 ordenadores usando algoritmos de recoñecemento facial, xeradores de texto, vídeo e sons electrónicos

**Borracho digital (2018)**

sampler (usando glitches e sons roubados de videoxogos)  
saxofón, guitarra eléctrica, percusión, xerador de textos en tempo real

**ChumA\*(2022)**

14 músicos a e xerador de partituras en tempo real

\* Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora. Co apoio de Pro Helvetia

VERTIXE SONORA Helena Sousa *acordeón* | Simon Lewis *trompa* | Carlos Cortés *trompeta* | Iago Ríos *trombón* | Pablo Coello *saxofón, laptop* | Felipe Agell, Daniel Veiga *clarinetes* | Alfonso Noriega, Francisco Caldeira *violas* | Hugo Paiva, Nathan Watts *violonchelos* | Nuno Márquez *guitarra eléctrica, laptop* | David Durán, Haruna Takebe *samplers, laptops* | Diego Ventoso *percusión* | Daniel Zea *medios electrónicos*

## AS OBRAS

### ChumA

O *yagé* ou *ayahuasca*, considérase, polos seus efectos psicoactivos e purgantes, a planta sagrada por excelencia, a "liana da alma" para as tribos de Perú, Ecuador, Brasil e Colombia. Ao longo da Amazonia occidental estende a súa presenza ata o principio dos tempos e representa o cordón umbilical que une aos individuos co pasado mítico.

Extraída da cortiza dunha vide parasitaria adherida a grandes troncos da selva, hérvese xunto a diferentes follas para variar os seus efectos; coma resultado, unha bebida amarga que comparten os participantes do rito. Os rituais fanse a campo aberto cun lume no medio para invocar protección. O "taita" reza, canta, está atento e esparexe o fume do tabaco como incenso. O canto impulsa o rito e desempeña o rol máis importante da celebración.

A súa acción é integral: física, mental e espiritual. A nivel físico produce o trazo (ou borracheira), a "chuma"; e tamén actúa como purga, producindo vómitos e diarreas para a limpeza corporal. A nivel mental propón un reto á conciencia e, á súa vez, esperta o subconsciente traendo lembranzas, inquedanzas, animando momentos e revelando verdades. No espiritual, crea "pintas", alucinacións e imaxes, as revelacións da planta: o suxeito multiplica as corporeidades, personalidades, divindades, plantas e identidades que conviven nel.

A purga con *yagé* é unha experiencia catártica e liberadora que pode abrir a posibilidade dunha vida conscente, plena e satisfactoria, un espazo para a exploración da propia conciencia. Esta "investigación" da mente e da alma mergulla a cada persoa no fondo do seu inconsciente para revelar a orixe dos seus bloqueos emocionais e asumir a tarefa de eliminalos. Pero o uso desta sagrada brebaxe indíxena tamén pode resultar letal: hai quen non volta da descuberta por non empregar as debidas precaucións. Porque o *yagé* non se pode tomar de calquera xeito...

En **ChumA** presentamos un concerto monográfico do compositor colombiano residente en Xenebra, Daniel Zea, un dos máis activos creadores na escena multimedia internacional. No programa preséntase en exclusiva mundial a obra que dá título ao concerto, o seu derradeiro traballo, un convite a 14 solistas do Vertixe Sonora especialmente adestrados para celebrar o rito do *yagé*. Nesta presentación obténse o máximo proveito das especiais condicións acústicas do MIHL transformado nun dispositivo circular que arrodea ao público en semiescuridade promovendo unha escoita meditativa e ritualizada no que a música redescubre a súa esencia coma vehículo de comunicación entre o espírito e a divindade.

Se en **ChumA** recuperamos o compoñente ritual consustancial á música; o resto do programa esvara na desenfreada fascinación do home contemporáneo pola tecnoloxía, nunha visión distópica e nihilista da realidade que nos circunda: músicas que son vehículos poéticos de reflexión e crítica.

Porque **Swallow** e **Borracho Dixital** toman posición e en paralelo ao discurso musical crean unha narrativa, unha descrición abstracta da realidade a partires de enumeracións e imaxes que xurden do uso de xeradores de textos aleatorios que proveñen de mensaxes de *spam* e *hashtags* controvertidos ou prohibidos.

## O COMPOSITOR

### Daniel Zea

Deseñador, artista sonoro e compositor suízo-colombiano establecido en Ginebra. O seu universo artístico xira en torno á música instrumental e electroacústica, a performance híbrida involucrando vídeo, son, sistemas de captación xestual e *physical computing*, así como a programación. Colabora regularmente en proxectos interdisciplinares (danza contemporánea, *performance*, artes visuais) e é profesor da Alta Escola de Arte e Diseño de Ginebra (HEAD) onde conduce un laboratorio de interactividade e programación. Forma parte da dirección artística do Ensamble Vortex no que participa como compositor e intérprete de música electroacústica.

## VERTIXE SONORA

[www.vertixesonora.gal](http://www.vertixesonora.gal)

Xurde en 2010 para impulsar un modelo cultural baseado na identificación da excelencia e o logro dos máis altos estándares de calidade no ámbito da música contemporánea.

Durante a última década ven organizando proxectos innovadores de carácter suprainstitucional a través de diferentes estruturas (universidades, museos, fundacións, orquestras sinfónicas, conservatorios, escolas de música, asociacións culturais, bandas de música...), mantendo diálogos privilexiados con todos eles e construindo un modelo de intermellora cunha alta capacidade de transformación/transcendencia e gran potencial de transferibilidade. Así, Vertixe Sonora acolle marcos dinámicos de innovación e configuracións organizativas permeables que non teñen cabida nas canles

convencionais, interactuando cos recursos existentes para chegar a un público máis amplo. As iniciativas promovidas conquistan a atención dos medios de comunicación, facendo constantes impactos de prestixio na nosa cultura.

A presentación como grupo musical tivo lugar no ano 2011 e dende entón Vertixe Sonora realizou 207 concertos, entre xiras por Asia, Norteamérica, Sudamérica e Europa onde sempre prestaron especial atención á presentación da música de compositores españois; encargou 248 novas composicións, organizou 156 colaboracións con artistas e institucións de 44 países diferentes, publicou 3 discos (WERGO, NEOS) e apareceu en 3 filmes documentais.

Dende 2021, Vertixe Sonora é a sección española da ISCM (International Society for Contemporary Music).

vertixe  
sonora

fundación suiza para la cultura  
prohelvetia

